

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

25 de xaneiro de 2018

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezoito; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SRA. DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-1-2018

1/1 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas os días 27 de xullo (ORDINARIA), 18 de agosto (EXTRAORDINARIA) e 28 de setembro (ORDINARIA) do ano 2017, nos seus propios termos.

A) **PARTE RESOLUTIVA**

PROPOSICIÓNS

2/2 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 4/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular, e, en consecuencia, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Anular o acordo plenario número 7/122, do 30 de xuño de 2016, polo que se creou o posto directivo de Dirección Xeral de Recursos Humanos, adscrito á Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal.

SEGUNDO.- Suprimir o posto directivo de Dirección Xeral de Recursos Humanos, remitindo este acordo a Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos e para que se proceda a revogación do nomeamento.

3/3 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 18/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA ABERTO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATOS MENORES MEDIANTE UNHA APLICACIÓN WEB E MÓBIL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** instar ao equipo de goberno a que implante un sistema aberto de adquisición para contratos menores mediante unha aplicación web e móbil, dirixido a comunicar e solicitar oferta para cada contratación, aos autónomos e empresas rexistrados voluntariamente.

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 22/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN CENTRO E RUTAS BTT EN LUGO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas, coa redacción dada durante o debate, e, en consecuencia, **ACORDA** facer o estudo económico pertinente, e a respecto do proxecto que hai da Xunta de Galicia, para poder levar adiante as seguintes cuestións

- Instalar un (ou máis) centros de recepción de BTT (bicicletas todo terreno) en lugares estratéxicos en relación coa saída de rutas.

- Potenciar a sinalización e promoción de rutas BTT no entorno do municipio.
- Realización dun campionato BTT en Lugo.
- Trasladar este acordo á Deputación Provincial e á Xunta de Galiza para solicitar implicación en dito proxecto.

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 23/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a referida proposición.

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 24/2018 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO CENTRO DE SAÚDE DE SAN ROQUE E Á SÚA CONTORNA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal de Lugonovo e, en consecuencia, **ACORDA** que o Concello inicie os estudos técnicos precisos coa fin de desenvolver proximamente unha mellora das condicións de accesibilidade ao Centro de Saúde de San Roque e á súa contorna.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 25/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O CUMPRIMENTO DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO NO RELATIVO ÁS SUBVENCIONS MUNICIPAIS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, coa redacción resultante do debate producido, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal a esixir o cumprimento da Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno como condición previa nas distintas convocatorias para poder optar a calquera subvención ou axuda pública do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a facilitar a través do Portal de Transparencia do Concello o cumprimento das obrigas esixidas pola Lei 19/2013 a aquelas entidades obrigadas ao seu cumprimento e que non contén con páxina web propia, segundo o establecido no artigo 5.4 da Lei 19/2013.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno municipal á revisión e actualización tanto da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo como do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para incorporar as esixencias da Lei 19/2013.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 18extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-1-2018

CUARTO.- Instar ao Pleno a que aprobe a elaboración dunha ordenanza específica para desenvolver a Lei de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

QUINTO.- Instar ao equipo de goberno a elaborar unha guía de transparencia dirixida ás asociacións, fundacións e demais entidades privadas que perciban subvencións.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

8/8 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, CORRESPONDENTES AO ANO 2017.-

9/9 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN, CORRESPONDENTES AO ANO 2018.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 17/2018 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CONVOCATORIA DA COMISIÓN NON PERMANENTE EN DEFENSA DOS INTERESES DOS LUCENSES EN RELACIÓN COA UNIDADE DE ACTUACIÓN CS-5 E A SÚA CONTORNA.

Asdo.: O Secretario Xeral do Pleno Acctal., Justo Díaz Rodríguez.

